

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E O PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO DE TECNOLOXÍAS CIRÚRXCAS MINIMAMENTE INVASIVAS (TECMEVA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. formalizaron o 19/6/23 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de dous anos, prorrogable por idéntico prazo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes para levar a cabo accións conxuntas de docencia e investigación mediante emprego de sistemas de simulación médica, especialmente no ámbito da cirurxía laparoscópica, facendo uso das instalacións e equipamento do centro de tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas TECMEVA.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante Tecnópole) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG, S.A.mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

Tecnópole dispón dun edificio denominado Tecnópole I que acolle un espacio de 240 m2 de instalación dedicadas ao centro de tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas TECMEVA (Tecnoloxías Médicas de Vangarda).

TECMEVA é unha infraestrutura que conta co equipamento e instrumental necesario para acoller cursos de formación en técnicas laparoscópicas convencionais e en 3D, realizar proxectos de investigación aplicada e realizar actividades de transferencia de coñecemento no seu ámbito.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei

9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

